



Curso 2019/2020

**Centro Autorizado Profesional de Música
“Cantiga”
Ourense**

**Adaptación Programación Didáctica
de Guitarra
Departamento de Corda
Data: 12 Maio 2020**

**Profesora:
Gretel Álvarez Forte**

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles

2. Avaliación e cualificación

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

4. Información e publicidade

Dada a situación excepcional causada pola expansión da pandemia do COVID-19 e a consecuente suspensión da actividade escolar presencial, a programación elaborada para a materia de Guitarra, experimentará unha modificación significativa durante o terceiro trimestre, quedando como segue:

1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles.

Poderanse flexibilizar os mínimos esixibles analizando cada caso de forma individualizada.

O grao de profundización estará baseado soamente na primeira e segunda avaliación.

Ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

Incorporarase, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puido desenvolver.

PRIMEIRO GRAO ELEMENTAL

Criterios de avaliación.

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de

relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.
- Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquira o alumnado na lectura a primeira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e a capacidade de autocrítica.

- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

Mínimos esixibles.

- Dominio da dinámica-agóxica. E a súa precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refire, e o equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- O fraseo e o seu adecuación aos diferentes estilos.
- Estudo dun repertorio de obras de diferentes épocas e estilos.
- Interpretación de a lo menos dúas obras o estudos de memoria.
- Adquisición dos hábitos correctos de estudio.
- Coñecemento das estruturas formais simples.
- Dominio dos recursos tímbricos.
- Utilización dos efectos característicos do instrumento (timbres, percusión, etc.).
- Harmónicos naturais e oitavados con ambas mans.
- Lectura a primeira vista.
- Afondar no estudo da dixitación e a súa problemática: dixitación de obras ou pasaxes polifónicos en relación coa condución das distintas voces. Perfeccionamento de toda a gama de articulacións e modos de ataque.
- Aplicación das regras de ornamentar ao repertorio da guitarra de acordo coas esixencias das distintas épocas e estilos.
- Interpretación de música contemporánea e ao coñecemento dos seus grafías e efectos.

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderse incorporar, a través das correspondentes programacións

didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

QUINTO GRAO PROFESIONAL

Criterios de avaliación

- Interpretar as pezas propostas polo profesor como mínimo tres de elas de memoria, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Realizar os exercicios de técnica propostos durante o curso.
- Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos a través dos exercicios de técnica propostos.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos interpretativos.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo, etc. é obrigatorio o emprego das unllas da man dereita.

Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

2. Avaliación e cualificación

2.1. Procedementos e ferramentas de avaliación: Terase en conta o traballo realizado durante a 1ª/2ª avaliación e realizarase por vía telemática (os medios utilizados poden consultarse no apartado da metodoloxía) traballo de repaso, recuperación e reforzo a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).

Para este fin utilizaranse segundo as necesidades individuais do alumnado as seguintes ferramentas:

- Probas orais: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e valorarase a posibilidade de realización das mesmas por vía telemática (videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións)
- Audicións internas: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación non sendo posible a realización a partir da declaración do estado de alarma.
- Observación sistemática: poderase establecer este procedemento para valorar as actividades de repaso/reforzo/ampliación/recuperación na impartición de clase instrumental por vía telemática a partir da declaración do estado de alarma, deixando constancia dos resultados obtidos polo alumnado empregando o procedemento ordinario (caderno de seguimento do alumnado) e tendo en conta que en ningún caso minorarán as cualificacións.
- Técnicas audiovisuais: de ser o caso, enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/vídeo) que sirva de referencia para valorar as

aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).

2.2. Cualificación final.

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica instrumental considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e continua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento:

Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter continuo da materia e poderá incrementarse en “2” puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

2.3. Proba extraordinaria de setembro.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será no mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica no instrumento baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Precisión técnica 50%
- Interpretación 50% (son, musicalidade, fraseo, interpretación).

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a

realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

2.4. Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación.

Neste caso, non procede establecer a avaliación de materias pendentes para ningún dos cursos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

3.1. Actividades.

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1ª/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

Levaranse a cabo as seguintes actividades y exercicios de:

- Dixitación, articulación e fraseo.
- Practica na ornamentación.
- Man dereita:
 - Perfeccionamento e práctica de arpejos e acordes con posicións fixas.
- Man Esquerda:
 - Perfeccionamento dos ligados mixtos.
 - Continuar coa práctica das celliñas: completas e parciais.
- Coordinación de ambas mans:
 - Realizar escalas cromáticas e diatónicas ata a undécima posición.
- Coñecer as notas do diapasón.

- Práctica de timbres para lograr calidade sonora nas distintas formas de pulsación
- Independencia e desenvolvemento dos dedos da man esquerda e dereita
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Traballo da dinámica e da agónica.
- Práctica, análises á comprensión das estruturas musicais (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente
- Dominio xerais da dicitación guitarrística e o seu desenvolvemento, para expresar coa maior claridade as ideas e os contidos musicais.
- Depuración das formas de ataque na man dereita para conseguir unha boa calidade sonora

3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade).

A metodoloxía activa é na que se centrará fundamentalmente o desenvolvemento do traballo educativo e que se desenvolverá a través do método global partindo dos elementos musicais globalmente para chegar posteriormente á especialización.

A obsesión por lograr coñecementos musicais pode entorpecer y dificultar la expresividade o gusto pola música. Por lo tanto todas as actividades que propoñemos ós alumnos deben realizarse a través dunha expresividade e percepción eminentemente activa e sensorial, antes de implicar una acción mental de análise ou razoamento (sentir antes de aprender).

A finalidade esencial da Guitarra é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotrices, auditivas e expresivas de modo que o código musical poida converterse en instrumento útil e eficaz de comunicación. Desenvolvendo para elo as destrezas necesarias para a produción e percepción da mensaxe.

A materia impartirase fundamentalmente a través de exercicios de técnica, audicións, e da interpretación instrumental, de partituras adaptadas ao nivel do alumno para a súa interpretación.

A metodoloxía será 100% online. Co fin de conseguir un ambiente flexible, dinámico, participativo e enriquecedor, o curso celebrárase nunha plataforma online (Skype), a través da cal o alumno poderá contactar co profesor en todo momento.

Todas as partituras da clase estarán dispoñibles nesta plataforma para que o alumno poida descargala e estudala dun xeito cómodo e sinxelo, en calquera lugar e momento.

Por outra banda, para enriquecer a formación que se ofrece, hai chats dinámicos e de debates entre profesor e alumno nos que se resolverán dúbidas e incidencias.

3.3. Materiais e recursos.

Tanto os profesores como os alumnos disporán de diversos recursos materiais e telemáticos para facilitar a comunicación, a fluidez y el desenvolvemento das clases.

Recursos Materiais:

- Ordenador
- Tableta
- Teléfono móbil
- Micrófono
- Auriculares
- Guitarra
- Libros e partituras

Recursos Telemáticos:

- Conexión a Internet
- Plataforma online
- Skype
- WhatsApp
- Correo electrónico

4. Información e publicidade.

4.1. Información ao alumnado e ás familias.

A principal vía de comunicación co alumnado e familias será a plataforma “Skype” tendo en conta que é o mecanismo oficial do Centro e o medio empregado maioritariamente.

Empregarase igualmente a comunicación por email, chats e/ou outras que permita un seguimento continuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

4.2. Publicidade.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recibidas as programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web co fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.